

# TRES ANUNCIOS NAS AFORAS

# 328

[Martin McDonagh, 2017]

ESTREA EN NUMAX: 12.01.2018 | V.O.S.E. | +16

*Three Billboards Outside Ebbing, Missouri* (2017, 112')

**Dirección:** Martin McDonagh

**Guión:** Martin McDonagh

**Elenco:** Frances McDormand, Woody Harrelson, Sam Rockwell, Peter Dinklage, John Hawkes, Abbie Cornish, Caleb Landry Jones, Samara Weaving

**Son:** Jonathan Gaynor

**Montaxe:** John Gregory

**Fotografía:** Ben Davis

**Vestiario:** Melissa Toth

**Dirección de arte:** Jesse Rosenthal

**Música:** Carter Burwell

**Produtoras:** Blueprint Pictures (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Twentieth Century Fox España

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA

*Siete psicópatas*, 2012

*Escondidos en Brujas*, 2008

*Six Shooter*, 2004 [curtametraxe]

## PREMIOS E FESTIVAIS

Globos de Ouro 2018 (Mellor drama, mellor guión, mellor actriz dramática —Frances McDormand—, mellor actor de reparto —Sam Rockwell—), Venecia 2017 (Mellor guión), Toronto 2017 (Premio do público), Donostia 2017 (Premio do público)

## SINOPSE

Logo de meses sen que apareza o culpábel da morte da súa filla, Mildred Hayes dá un paso valente ao pintar tres sinais que conducen ao seu pobo cunha polémica mensaxe dirixida a William Willoughby, o venerado xefe de policía do pobo. Cando o seu segundo ao mando, Dixon, un inmaduro neno de mamá afeccionado á violencia, entra en acción, a guerra entre Mildred e as forzas policiais de Ebbing non fai máis ca empeorar.

«Frances McDormand realiza unha actuación moi potente, unha obra divertidísima e marabillosa que manterá toda a túa atención»

Xan Brooks, THE GUARDIAN ★★★★★



# TRES ANUNCIOS NAS AFORAS

[Martin McDonagh, 2017]

EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## “Sempre procuro a tensión entre o cómico e o trágico”

Entrevista con Martin McDonagh  
Por Kelli Weston

**No pasado adoitabas facer filmes centrados en personaxes masculinos. Aproximácheste a *Tres anuncios nas aforas* pensando nunha historia de mulleres?** Quixen crear un personaxe principal feminino o máis forte posíbel. As miñas primeiras obras de teatro si que tiñan fortes personaxes femininos mais si que pode ser certo que non abunden nos meus filmes, polo que tentei compensar a balanza. Coido que Mildred é o personaxe máis forte que escribín na miña carreira.

**Tiñas a Frances McDormand en mente mentres escribías o guión?** Na miña mente estaba escrito para Frances, mesmo antes de terllo comentado. Cando llo propuxemos dixon que si bastante axiña. Mais se se tivese negado non sei ben o que teriamos feito pois non podon imaxinar a ningunha outra actriz facer o que ela fixo.

**Había algunha actuación en particular de McDormand que che levase a pensar así?** Sempre me encantou *Sangre fácil* (Joel Coen, 1984) e por suposto *Fargo* (Joel&Ethan Coen, 1996). Mais vin a Frances sobre as táboas un par de veces e esas actuacións son as que máis me impactaron. E non se trata só do carácter que amosa en pantalla, a súa actitude en persoa ten algo do que tentei engadir no

guión. Frances négase a entrar no xogo de Hollywood, non acode á xira de festivais, ou ás entregas de premio nin todas esas parvadas. Esa caste de determinación é que a buscaba para o meu personaxe.

**No centro do filme temos unha terrible violación. Como te aproximaches a uns feitos así?** A idea é que o horror e a traxedia estivese no corazón do filme, por moi cómico que poida resultar noutros aspectos. Daquela, sempre o tivemos en conta, como se se tratase dunha persoa real. Frances só é quen de ofrecer un sorriso ao remate do filme pois o horror do que lle sucedeu á súa filla está sempre aí.

**Resulta moi complexo camiñar a liña entre a comedia e a traxedia?** Supoño que esa é a esencia do meu traballo. Sempre procuro esa tensión, ese intercambio entre o cómico e o trágico. Paréceme natural traballar con eses materiais. Á hora de comezar a montaxe decateime de que había demasiadas escenas da beira cómica e eliminei algunha delas. Pero mesmo nas escenas cómicas procurei que cada actor ofrecese unha certa verdade do seu personaxe. E afortunadamente comprobei que a comedia é quen de ter conta de si mesma.

**Aceptas as implicacións políticas dun filme que fala da incompetencia policial neste momento tan particular da Historia dos EEUU?** O guión escribiuse hai oito anos, así que non foi unha resposta a ningunha situación en concreto, nin ao que sucedeu en Missouri os últimos dous anos. Mais desde logo as miñas actitudes xa estaban aí cando escribín o guión e permanecen na pantalla

agora. Sorpréndeme a esperanza que se transmite no filme porque non estou certo de tela eu na vida real. Pensar que a xente pode mudar ou que pode haber luz á fin do túnel. Se a hai ou non, non o sei, mais é bo facer un filme así neste momento porque hai moito enfado e moita rabia no país.

**Tes dito que un bo filme se basea en boas actuacións. Como foi o teu traballo cos actores? Houbo moita colaboración?** De certo que a houbo, sempre a hai. Non é que haxa cambios de guión, pero o meu labor é elixir os mellores actores e buscar a mellor maneira de facer o traballo. Porén, non teño a necesidade de que traballemos xuntos para mudar o guión. Trátase de falar sobre os personaxes con eles, explicarlles que significado teñen para min e que eles me conten o que pensan. Por exemplo, os personaxes de Woody Harrelson e Sam Rockell non podon dicir que estean moi dirixidos por min, son grandes actores que levan o personaxe ao seu rego.

**Como espectadores como se supón que temos que ler a escena na que Sam e Mildred empregan a palabra N e brincan sobre a brutalidade policial?** Nesa escena Frances tenta demostrar o racista, vulgar e inepto que é o personaxe de Sam. Trátase, por tanto, dunha escena na que tentamos amosar a estupidez dese personaxe dunha maneira irónica e mordaz, mais coido que a maioría da xente terá entendido de xeito correcto a mensaxe.

Publicado en Sight & Sound, Xaneiro 2018  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

**Siete psicópatas, Martin McDonagh**  
Siete psicópatas Paramount [DVD]

**Escondidos en Brujas, Martin McDonagh**  
Universal [DVD]

**Sangre fácil, Joel Coen.** Versus [DVD]

**Fargo, Joel & Ethan Coen.** Fox [DVD]

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate  
e ven sempre  
por  
**4,5€**

**Faite  
NUMAX!**